

Actividade voluntaria

Celebramos o San Valentín

- cos amigos e amigas -
(2º trimestre / +0,20 extra)

OBXECTIVO

Escribir **cartas** para expresar o cariño e aprecio que lles tes aos teus amigos e amigas.

REQUISITOS

- Cada carta suma **0,10 puntos extra**, polo que farían falta dúas cartas para chegar ao máximo de 0,20 puntos.
- Ademais de a un **amigo/a**, a carta tamén pode estar dedicada a un **namorado/a** ou a un **docente**.
- As cartas terán un **ton optimista e educado**, destacando os valores positivos da relación co destinatario. Evitarase usar calquera ton desprezativo ou burlesco desa persoa.
- Na propia carta, que estará enteiramente **en galego**, ten que aparecer a seguinte **estrutura**: un **saúdo** inicial, o **contido** (8 liñas mínimo) e unha **despedida**. O profesor comprobará, antes de pechar o sobre, que se cumpren estes requisitos.
- No **sobre** deberá figurar o **remitente** (quen escribe e que se porá na lapela) e o **destinatario** (que vai no outro lado). No caso de que sexa anónima, no remitente porase un pseudónimo.

DATA DE ENTREGA E REPARTO

As cartas entregaranse ao profesor como último día o **12 de febreiro**. O reparto das cartas farase despois do Entroido.